



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA
E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DA
ESTRATEGIA INTEGRAL DE OPTIMIZACIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2019



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



Xacobeo 2021





CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DA ESTRATEXIA INTEGRAL DE OPTIMIZACIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Juan Manuel Cividanes Roger, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con CIF Q-6550010J e domicilio en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), na súa calidade de director xeral. Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

Doutra parte, Xoán Martínez Reboredo, en nome e representación da Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia (en adiante, CFLOX), con C.I.F. G-94194594 e domicilio en Avenida da Mariña, nº 15 Vilagarcía de Arousa. Comparece na súa calidade de Presidente da devandita Asociación, en virtude da acta fundacional de data 30 de xullo de 2019.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

- I. Que o Igape é a Axencia de Desenvolvemento Rexional de Galicia, e entre as súas funcións están a promoción, fomento e potenciamento de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado tanto en termos sectoriais coma territoriais.
- II. Que a Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0 ten como un dos seus enfoques estratéxicos o da potenciación de infraestruturas e loxística. A partir deste enfoque desenvólvese a Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia (EIOLOG no sucesivo), que consta de 15 programas agrupados en tres obxectivos estratéxicos. A EIOLOG promove, para a súa execución, a coordinación e cooperación entre o sector público e privado, e desenvólvese a partir dun proceso participativo que incluíu aos axentes e empresas relevantes na alí denominada “función loxística” de Galicia: administración, xestores de infraestruturas e nodos loxísticos, operadores loxísticos e empresas dos sectores estratéxicos da economía galega con amplo uso de loxística.
- III. Que o Igape foi recentemente adxudicatario dunha axuda do programa de cooperación interterritorial POCTEP denominado “CO-LOGISTIC: Impulso da actividade loxística no territorio Galicia-Norte de Portugal a través da potenciación das capacidades organizativas e tecnolóxicas do sistema loxístico Galicia-Norte de Portugal, para o fomento da internacionalización e incremento da presenza exterior das empresas dos ámbitos da loxística e de transporte”. Esta adxudicación reforza a viabilidade da execución da EIOLOG, posto que as actividades propostas están baseadas nesta Estratexia. Deste xeito, estase ante unha importante oportunidade de configurar unha efectiva colaboración co tecido industrial de Galicia que acompañe as actividades que vai emprender o consorcio CO-LOGISTICS.
- IV. Que o CFLOX é unha Asociación Empresarial galega sen ánimo de lucro, cuxa misión é contribuír a unha maior eficiencia da función loxística de Galicia, promovendo a súa competitividade, cunha especial atención á innovación e a internacionalización das empresas que forman parte da súa cadea de valor. A agrupación industrial unirá esforzos e intereses de forma colectiva e transversal,



para lograr que Galicia sitúe como un polo logístico de referencia global. A dita Asociación parte dos grupos de traballo creados para o deseño da EIOLOG, e en consonancia está completamente aliñada cos obxectivos da mesma. O CFLOX é unha agrupación industrial aberta e participativa, coa vocación de aunar os esforzos dos prestadores de servizos de transporte e logística e das empresas demandantes destes servizos. Unha agrupación industrial transversal acorde á crecente relevancia da logística como elemento fundamental de competitividade empresarial e territorial

- V. Que o núcleo do plan estratéxico do CFLOX para os próximos dous anos constrúese, en esencia, a partir da execución de actividades que forman parte da Estratexia Integral de Optimización Logística, o cal o converte ao acordo de asociación que se articula no presente convenio na vía única e directa de acadar os obxectivos de colaboración público-privada necesarios para a execución dos diversos plans da EIOLOG.
- VI. Por outra parte, a colaboración contribuirá ao fortalecemento do Cluster, cuxa vocación é ser o punto de encontro dos diversos axentes da función logística de cara á concertación de proxectos de colaboración intersectoriais, o favorecemento da conectividade exterior da industria galega e o mantemento da competitividade das infraestruturas de Galicia con respecto a outras rexións.

Tendo en conta estas consideracións, o Igape e CFLOX levarán a cabo, de forma conxunta, a realización de actividades dentro da EIOLOG. Por todo iso, CFLOX e o Igape están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes e, para ese efecto, subscriben o presente Convenio de Colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente Convenio a colaboración entre as partes, para a consecución dos obxectivos comúns de desenvolvemento da Estratexia Integral de Optimización Logística de Galicia (EIOLOG).

A tal fin, desenvolverase actividades nos seguintes ámbitos de traballo:

- Posta en marcha de servizos e actividades de difusión, formación e asesoramento definidos na EIOLOG.
- Elaboración de estudos e informes de viabilidade definidos na EIOLOG
- Promoción exterior da logística galega segundo o definido na EIOLOG
- Planificación e priorización das actividades conxuntas e interlocución coa administración
- Promoción e ampliación do núcleo privado de colaboración

Os obxectivos detallados de actuación ao abeiro do presente convenio figuran no resto de cláusulas.

SEGUNDA.- IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA

Motívase a utilización da figura do convenio de colaboración considerado no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e as razóns que impidan a concorrencia da oferta e exclúan a celebración dun contrato administrativo, xa que non existe en Galicia outro axente que cumpra as características seguintes:

- Configuración coma unha entidade sen ánimo de lucro, aberta á participación dos axentes que compartan os seus fins.
- Aseguramento, dentro dun cluster cuxo principal foco é a logística, da presenza da industria e distribución, incluíndo algúns dos principais cargadores de Galicia, con un nivel de facturación dos seus socios superior aos 2.000 M€ e máis de 3.500 traballadores.



- Completa identificación cos obxectivos da EIOLOG.

Esta especificidade de CFLOX, xustifican a imposibilidade de promover a concorrência pública e implican vantaxes e sinerxías así como a axeitada dinámica e axilidade para o Igape ao manter unha relación colaborativa fluída, eficiente e sinérxica cun só actor.

Por outra banda, mediante este convenio o Igape non encomenda unha xestión de servizos a CFLOX, senón que expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir fins comúns de interese público como son os de desenvolver un sistema loxístico galego competitivo, que impulse a acción exterior do tecido produtivo galego e dea resposta aos retos derivados da internacionalización das cadeas de subministro, dos procesos globais de relocalización industrial, do cambio tecnolóxico e das novas pautas e tendencias de consumo. Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

E esta idea de colaboración na consecución do fin común de capacitación directiva do tecido produtivo galego a que fundamenta a subscripción deste instrumento.

TERCEIRA: ACTUACIÓNS CONXUNTAS DO CONVENIO

As actuacións que ambas partes consideran oportuno xestionar a través do presente convenio materializaranse durante os anos 2019, 2020 e 2021, agrupadas nas seguintes actividades:

- AC1: Posta en marcha dun servizo de información internacional de orixes e destinos dos tráfico galegos, actividade 3.1 das definidas no anexo III.
- AC2: Portal de información online da loxística galega, actividade 8.3 do anexo III.
- AC3: Plan de comunicación e promoción internacional do sistema loxístico galego, actividade 8.1 do anexo III.
- AC4: Proxectos colaborativos de agregación de cargas e co-loading, actividade 3.3. do anexo III.
- AC5: Impulso da acción do Clúster da Función Loxística, actividade 15.3 do anexo III.

O CFLOX e o Igape, dentro do Comité de Seguimento establecerán as actividades a realizar e o seu contido, dentro das marxes económicas das actividades elixibles da EIOLOG, cuxo presuposto aparece na memoria económica. Trátase deste xeito de dar á iniciativa privada a máxima flexibilidade para planificar as actividades que poidan concitar un maior interese, ao tempo que se mantén un marco orzamentario disciplinado.

Para considerar unha execución satisfactoria do convenio deberase acadar ao menos un 51% de execución orzamentaria mediante execución de actividades asignadas polo comité de seguimento.

As partes poderán, de xeito consensuado, organizar actividades a maiores ao abeiro deste convenio, sempre que se manteñan os obxectivos globais e non se incremente a aportación do Igape.

CUARTA.- GASTOS ATENDIBLES

Con carácter xeral considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

1.- Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata dous anos despois.



2.- O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Nembargantes o anterior o IVE vinculado aos gastos elixibles, terá tamén a consideración de gasto elixible si a entidade acredita a súa exención expresa mediante certificación ao respecto da AEAT ou que tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación algunha por parte da entidade. Esta acreditación farase mediante Certificado de Situación Censual expedido por AEAT no cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

3.- Cando o importe do gasto externo sexa igual ou superior a 15.000 € + IVE, CFLOX deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores sen que entre eles poida existir vínculo societario, laboral ou de calquera índole de dependencia, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Asemade en calquera de ámbolos supostos precisárase polo menos a aprobación ex ante do Igape deses gastos e ulterior xustificación e ratificación no comité de seguimento do convenio.

4.- Todos os gastos externos xustificados por CFLOX deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificados, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

5.- O Igape farase cargo dun máximo dun 90% dos gastos totais atendibles das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 10% restante á aportación de CFLOX.

Os gastos clasificaranse en:

- Gastos de persoal do CFLOX, en base a nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF, e certificado de dedicación ao proxecto.
- Gastos externos de contratación de servizos.
- Gastos externos de publicidade e marketing das actividades.
- Gastos xerais do CFLOX, que non superarán o 8% dos gastos xustificados.
- Outros gastos que respondan indubitablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que non superarán o 30% dos gastos totais xustificados.

QUINTA.- COMPROMISOS DO IGAPE

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 396.900 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1 741A 6403 para os anos 2019, 2020 e 2021 (Proxecto 2018 00001 – “Gobernanza estratéxica de loxística”). O anexo I “Memoria Económica” detalla a aplicación desta aportación.

Partida Orzamentaria	2019	2020	2021	Total
09.A1.741A.6403	34.200	195.300	167.400	396.900

CFLOX carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

- ❖ Igape comprométese a colaborar e, no seu caso, dar o visto e praxe das actuacións presentadas a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula novena sobre as propostas realizadas por CFLOX.



- ❖ Asemade, deberá especificar a participación nas actividades públicas ao abeiro do convenio dos representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos e do propio Igape, cunha antelación mínima de 10 días naturais antes da data prevista de celebración.
- ❖ No marco desta colaboración, o Igape difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunos.

SEXTA.- COMPROMISOS DE CFLOX

- ❖ CFLOX responsabilízase de organizar as actuacións da cláusula terceira, na súa totalidade, en estreita colaboración co Igape, acordando co Igape todos os aspectos organizativos, e contribuíndo economicamente -en especie ou en metálico- ás actividades tal e como se describe no Anexo I (memoria económica).
 - ❖ CFLOX será responsable da difusión e impulso da súa actividade, coa finalidade de reforzar o funcionamento da organización clúster mediante a captación de novos socios e o aseguramento da súa participación nas actividades colaborativas que se organicen.
 - ❖ CFLOX someterase a unha avaliación da súa actividade unha vez finalizado o primeiro ano de convenio. Nela teranse en conta os seguintes parámetros:
 - Número de empresas asociadas galegas ou con centro de traballo en Galicia, así coma a súa dimensión, variedade da posición dentro da cadea de valor da loxística de Galicia e pluralidade de sectores representados.
 - Capacidade de dinamización das empresas asociadas segundo a porcentaxe de empresas asociadas que participasen en, polo menos, unha das actividades organizadas polo clúster (incluíndo asemblea xeral), ponderado coa intensidade desa participación.
 - Capacidade de mobilización de proxectos promovidos ou nos que fose participante a entidade clúster no último exercicio.
 - Contribución á execución da EIOLOG.
- Os resultados de esta avaliación valoraranse polo Igape, que poderá decidir, de xeito motivado, a resolución do convenio no caso de non acadarse o impacto buscado na función loxística de Galicia.
- ❖ CFLOX difundirá a colaboración do Igape en tódalas manifestacións públicas que realice.

SÉTIMA.- PAGAMENTO DA CONTRIBUCIÓN DO IGAPE

A contribución do Igape será aboada unha vez solicitado o pago mediante a presentación de certificacións de gastos de CFLOX comprensiva dos gastos incorridos e a correspondente documentación xustificativa, que serán presentadas de forma acompañada coa execución, e non máis de unha vez ao mes. Os pagos parciais estarán suxeitos ao cumprimento de obxectivos parciais do convenio que se xustificarán mediante informe das actuacións realizadas que acredite dito cumprimento, ademais dos documentos xustificativos dos gastos que se describen máis adiante nesta cláusula. A data límite de xustificación para cada unha das anualidades do convenio será o 30 de novembro dese ano. A xustificación correspondente ao derradeiro pago do convenio deberá, en todo caso, presentarse non máis tarde do 30 de novembro do ano de finalización do convenio.

As liquidacións presentaranse vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <http://tramita.igape.es>, en particular a través do código de procedemento P001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación.

CFLOX responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

A liquidación estará integrada por:

- 1.- Certificación do gasto, segundo modelo do Anexo II: Certificación comprensiva da relación clasificada dos gastos presentados para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, seu importe, data de emisión e data de pago e mediante a cal se solicita o pagamento.
- 2.- Informe das actuacións realizadas ata o momento.



3.- Declaración responsable da titularidade da *conta bancaria* onde se debe realizar o pagamento, incluída no Anexo II.

4.- Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape, incluída no Anexo II. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado para o cal se lle poderá requirir e exhibición do documento orixinal.

5.- Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula 13 deste convenio, CFLOX autoriza a realización desta petición.

6.- Documentación xustificativa da realización e pagamento do 100% do custo das actividades realizadas:

- ❖ Gastos de persoal:
 - Certificado de dedicación emitido por CFLOX, deixando constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada.
 - Nóminas pagadas e xustificante do seu pago.
 - Seguridade social do período que se alega: Documento/s de Relación nominal de traballadores e Documento/s de Cálculo da Liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
 - Importes retidos IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.
- ❖ No caso de dietas:
 - Folla de liquidación de gasto da dieta firmada polo traballador e o responsable de autorizar o pago, na que quede acreditado a vinculación do gasto os fins deste convenio, e a xustificación do pago.
- ❖ Gastos externos: Xustificación dos gastos externos: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pago. Deberase entregar declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades obxecto da colaboración *non teñen vinculación societaria empresarial* co organismo que realiza a contratación.
- ❖ Para a consideración do IVE como gasto atendible, se fora o caso:
 - No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE): Certificación da AEAT de exención do IVE ou
 - Si tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación algunha por parte da entidade: Certificado de Situación Censual expedido por AEAT no cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

7.- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio



Requisitos:

- *Xustificación dos pagamentos:* transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- *Os gastos deben* estar realizados dentro do prazo de vixencia do convenio que finaliza aos dous anos da sinatura. Nembargantes o anterior tendo en conta que é atendible o custo laboral bruto, para a xustificación da totalidade dos custos laborais realizados no último período do ano, serán tidos en conta os xustificantes de pago da Seguridade Social e ingreso do IRPF correspondentes a meses de 2021, aínda que o seu pagamento se realice, conforme a normativa reguladora, con posterioridade a esta data. Ditos xustificantes serán aportados ao Igape, á maior brevidade posible, unha vez realizados os correspondentes pagos.

O Igape abonará a CFLOX o 90% dos custos xustificados, cos límites do Anexo I.

Considerarase unha execución deficiente do convenio aquela que non acade un 51% de execución do convenio. Neste caso, resolverase o convenio e CFLOX deberá reintegrar, no seu caso, as cantidades xa percibidas pola execución parcial do mesmo.

CFLOX manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

OITAVA.- VIXENCIA

Establécese como prazo de vixencia dous anos desde a data de sinatura do convenio, momento no que deberán estar realizadas todas as actuacións programadas ao abeiro do convenio. O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período igual ao da vixencia inicial.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase una Comisión Mixta de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do Igape, e dous de CFLOX, que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se desen circunstancias extraordinarias



que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do Igape que terá voto de calidade, agás en decisións de adxudicación ou contratación que impliquen condicións gravosas para CFLOX que se tomarán por unanimidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convintes.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓNS

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

CFLOX deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

DÉCIMO SEGUNDA.- RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- AUTORIZACIÓNS

CFLOX consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.



Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade con seu artigo 6.2, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O convenio rexerase polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017 para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- NORMATIVA APLICABLE.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril), sobre subscrición dos convenios de colaboración con particulares que outorguen as Consellerías da Xunta de Galicia, os Organismos Autónomos ou Entes de dereito público da Administración Autonómica, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Será tamén de aplicación o disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo que se regulan os convenios do sector público.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo IGAPE

Pola Asociación Clúster da
Función Loxística de Galicia

Juan Manuel Cividanes Roger

Xoán Martínez Reboredo



ANEXO I: MEMORIA ECONÓMICA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DA ESTRATEXIA INTEGRAL DE OPTIMIZACIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 396.900 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741.A.6403 para os anos 2019, 2020 e 2021 (Proxecto 2018 00001 – “Gobernanza estratéxica de loxística”).

Partida Orzamentaria	2019	2020	2021	Total
09.A1.741.A.6403	34.200	195.300	167.400	396.900

O Igape farase cargo dun máximo dun 90% dos gastos totais atendibles das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 10% restante á aportación de CFLOX.

Os gastos clasificaranse en:

- Gastos de persoal do CFLOX.
- Gastos externos de contratación de servizos.
- Gastos externos de publicidade e marketing das actividades.
- Gastos xerais do CFLOX, que non superarán o 8% dos gastos xustificados.
- Outros gastos que respondan indubitablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que non superarán o 30% dos gastos totais xustificados.

O escenario inicial de actividades utilizado para fixar o importe do convenio é o seguinte:

EIOLOG (anexo II)	Acción	2019	2020	2021	Total	IGAPE	CFLOX
3.1	Servizo de información internacional de orixes e destinos dos tráfico galegos	5.000	40.000	30.000	75.000	67.500	7.500
8.3	Portal de información online da loxística galega	5.000	25.000	17.000	47.000	42.300	4.700
8.1	Plan de comunicación e promoción internacional do sistema loxístico galego	5.000	18.000	18.000	41.000	36.900	4.100
3.3	Proxectos colaborativos de agregación de cargas e co-loading		20.000	20.000	40.000	36.000	4.000
15.3	Impulso da acción do Clúster da Función Loxística Galega	23.000	114.000	101.000	238.000	214.200	23.800
Total:		38.000	217.000	186.000	441.000	396.900	44.100

Este escenario inicial de accións poderá priorizarse e modificarse dentro do establecido na EIOLOG (ver anexo III), coa autorización do comité de seguimento, dentro dos límites de aportación do Igape que aquí se establecen. Así, dado que o Igape achega ao convenio un 90% dos gastos xustificados cun orzamento máximo de 396.900 €, o resumo das achegas de cada participante ao convenio é o seguinte:

Participante	Aportación
IGAPE	396.900
CFLOX	44.100
Total	441.000

CFLOX carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.



ANEXO II
CERTIFICACIÓN DE GASTOS

CONVENIO		IGAPE-CFLOX "EIOLOG"							TITULAR:				
		DOCUMENTO XUSTIFICATIVO DO GASTO							DOCUMENTO DE PAGO				
Actuación (AC1/AC2/AC3)	CONCEPTO	Nº FACT. / DOCUM	DATA	NOME DO PROVEDOR, PARTICIPANTE OU PERSOAL CFLOX	Descrición/ Concepto	IMPORTE TOTAL	Tarifa oficial para espazos na feira (€)	IMPORTE GASTOS IMPUTABLES AO CONVENIO	TIPO e Nº	DATA	IMPORTE	CONTA CARGO	ENTIDADE FINANCEIRA

Don/Dona _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada,

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu e asumiu gastos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros. Os gastos pagados ou facturados reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.

DECLARA:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



- Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.
- Que a seguinte conta bancaria, da ca é titular a entidade de referencia, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ", ao obxecto do Convenio de colaboración entre CFLOX e o Igape para a execución de actividades da EIOLOG,

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á entidade arriba indicada o importe de _____ euros (*90% do importe anterior*), ingresándose conta bancaria anteriormente designada.

_____, _____ de _____ de _____
(Sinatura do/a representante)



ANEXO III: Accións da EIOLÓG

PROGRAMA 1. Loxística 4.0 na empresa

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

A Loxística 4.0 é un dos factores centrais da Axenda da Competitividade de Galicia/industria 4.0 recoñecendo a importancia da loxística como elemento clave da competitividade do sector empresarial e como un sector xerador de emprego e actividade económica. Existen novas tecnoloxía facilitadoras que permiten incrementar o desempeño da loxística interna das empresas, e que deben ser transferidas ao sector produtivo para avanzar cara ao concepto Smart Logistics/Loxística 4.0, características fundamental da Fábrica do Futuro. permitindo a redución dos custos loxísticos e mellora substancial da súa axilidade e flexibilidade, é dicir, da súa capacidade de reacción e adaptación rápida ás necesidades cambiantes. Dentro das novas tecnoloxías facilitadoras da Industria 4.0, Internet of Things (IoT) ou Industrial Internet of Things facilita a conexión en tempo e real e transmisión de información entre distintos dispositivos, o que vai ter un gran impacto no ámbito loxístico. A recompilación de datos dos distintos elementos (flotas, mercadorías, carretillas, persoas...) permitirá adaptar os servizos loxísticos ás demandas dos seus usuarios. Outras tecnoloxías relacionadas como Big Data ou a Robótica Colaborativa van ter un gran impacto na función loxística.

O nivel de adopción destas tecnoloxías é baixo en Galicia, especialmente nas empresas industriais pequenas e medianas, polo que é preciso establecer un paquete coordinado de medida que impulse e xeralice o seu uso, difundindo e impulsando a transferencia e a adopción de aquelas idóneas para cada un dos sectores tractores e innovadores da economía.

DESCRICIÓN

Deseñar en poñer en funcionamento un conxunto coordinado de medidas que impulse a adopción de novas tecnoloxías facilitadoras (IoT, Big Data, Robótica Colaborativa...) no sector produtivo galego. As medidas deberán considerar o baixo nivel de adopción das empresas de menor tamaño dos sectores mais tradicionais (pero tractores) da economía, concienciando da necesidade de adoptar estes novos enfoques tecnolóxicos, imprescindibles para avanzar no desenvolvemento da Industria 4.0. Teranse en conta os distintos estándares existentes para acadar unha interconectividade entre os distintos eslabóns das cadeas de valor globalizadas. Tamén se considerarán os características propias dos distintos sectores produtivos galegos, impulsando medidas de apoio financeiro e a prestación de servizos de asesoramento de alto valor.

ACCIÓN

1.1 Promoción das tecnoloxías facilitadoras smart-logistics

Desenvolvemento de accións promocionais de difusión das tecnoloxías facilitadoras do eido das Smart Logistics, en formato de foros de innovación nos que presenten tanto as tecnoloxías como instrumentos para a súa difusión: guías, documentos de boas prácticas... Os foros poderán tematizarse sectorialmente.

1.2 Liñas de financiamento e subvención a fondo perdido de proxectos de loxística 4.0

Publicación de Ordes de axudas para a subvención e/o financiamento de proxectos de loxística 4.0 que teñan un efecto demostrativo e un potencial de transferibilidade inter e intrasectorial. Deberán ser proxectos novidosos, con un claro compoñente de innovación.

1.3 Reacciona Smart-Logistics

Posta en marcha dun proxecto de mellora competitiva para PEMEs, centrado na importancia da adopción das novas tecnoloxía nos procesos loxísticos internos e externos das empresas. Deberán implicar tecnoloxías facilitadoras relacionados co concepto smart-logistics: sensorización, IoT, Big Data, Robótica Colaborativa...



PROGRAMA 2. Transformación loxística da empresa e comercio electrónico

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O auxe do comercio electrónico está a afectar profundamente a todos os sectores da economía, tanto no denominado B2B (Business to Business) ou B2C (Business To Consumer). Independentemente da estratexia elixida pola empresa, as expectativas do cliente (variedade de produtos, prezo competitivo, bo servizo e rapidez na entrega) esixen una cadea de subministro eficiente sen afectar aos custos operativos e de transporte. Este nova revolución ten unhas profundas implicacións ao longo de toda a cadea de valor das empresas (redución dos tempos de desenvolvemento de novos produtos, inmediatez na entrega dos pedidos ou redución do tamaño medio dos pedidos) que unidas á redución de stocks e aos sistemas de produción Just in Time pode levar ás empresas a tomar decisións erráticas sobre como abordar a necesaria transformación loxística.

As características propias de Galicia supoñen un dobre reto na adopción dos novos enfoques para o comercio electrónico: por unha banda, un reducido tamaño medio das empresas galegas que dificulta adaptarse a este fenómeno, e, por outro, a dispersión poboacional e empresarial que multiplica os custos de distribución, fundamentalmente na denominada "última milla"

DESCRICIÓN

Deseño e posta en marcha de proxectos de optimización loxística que permitan ao sectores industrial e comercial afrontar con éxito os retos derivados do comercio electrónico e ao sector loxístico ofertar os servizos que as empresas e os consumidores demandan. Fomentará a mellora da loxística interna das empresas, impulsando novos enfoques que integren o comercio electrónico na cultura interna das empresas ao tempo que impulse a colaboración coas empresas loxísticas. Tamén abordará especificamente un dos retos do comercio electrónico e da distribución e paquetería: a última milla, que dada a estrutura de asentamentos de empresas e da poboación galega, presenta uns retos específicos.

ACCÍONS

2.1 Programa de incentivos da mellora da loxística interna da empresa

Publicación de unha orden ou liña de axudas de instrumentos financeiros específicos para a mellora da loxística interna das empresas industriais e comercial de Galicia, especialmente para dar resposta aos requirimentos do comercio electrónico: entregas no mesmo día, loxística inversa, loxística de última milla, estratexias omnicanal, etc...
Establecerase unha convocatoria específica de financiamento de mellora loxística, tanto de consultoría externa como interna (interim management)

2.2 Programa para o impulso da loxística de última milla

Convocatoria de axudas a proxectos colaborativos de innovación en loxística de última milla, fomentando a modernización e innovación nas empresas con unha actividade importante de servizos de comercio electrónico para terceiros, impulsando a súa integración nas cadeas de subministro das empresas comerciais e industriais.

2.3 Reacciona E-commerce (Predición de demanda, loxística inversa...)

Posta en marcha dun proxecto de mellora competitiva para PEMEs, que aborde aqueles aspectos relacionados coa loxística no Comercio Electrónico: predición de demanda, cálculo de stocks, xestión da cadea de subministro, loxística inversa...



PROGRAMA 3. Información e conectividade exterior da loxística galega

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Actualmente existen desequilibrios no tráfico de mercadorías que fan que o transporte de mercadorías sexan ineficientes ao no completar o viaxe en redondo. Considérase viaxe redondo aquel no que o medio de transporte carga mercancía tanto na ida como na volta, permitindo ofertar custes máis competitivos e unha redución da pegada ambiental.

Posuír información axeitada sobre a demanda real de transporte con un orixe ou destino determinado permitiría incrementar o porcentaxe de "viaxes redondos" incrementando a eficiencia do transporte. En ocasións viabilizárianse operacións de importación ou exportación pola redución dos custes loxísticos asociados. Dada a ubicación periférica de Galicia, o pequeno tamaño medio das empresas e a súa tradicional reticencia a compartir información, precísase establecer mecanismos que permitan equilibrar os tráfico, poñendo a disposición das empresas (tanto loxísticas como comerciais e industrias) os datos de orixe e destino, e dotándoas de competencias para a súa análise.

Adicionalmente, as empresas que organizan directamente a súa actividade loxística sub-contratando medios de transporte poderían colaborar con outras empresas en réxime de co-loading (ofertando parte da capacidade de transporte a terceiros), consolidando cargas con importantes aforros e mellora da eficiencia.

DESCRIPCIÓN

O programa ten como obxectivo analizar os desequilibrios de tráfico existentes e lanzar accións correctoras para os mesmos. Para iso debe terse en conta a loxística como unha actividade "transversal", que agrupe as distintas visión sectoriais, posibilitando a corrección dos devanditos desequilibrios de tráfico posibilitando a idea de pechar o círculo da "viaxe redonda".

Cofecer esta información permitirá, nunha segunda etapa, impulsar proxectos colaborativos de agregación de carga e de co-loading.

Trátase dun programa no que os clústeres empresariais son un axente activo na obtención, análise e difusión da información, así como no deseño e implementación de proxectos colaborativos entre empresas industriais e loxísticas.

ACCÍONS

3.1 Servizo de información internacional de orixes e destinos dos tráfico galegos

Recompilar, categorizar e analizar información sobre o comercio exterior de Galicia, desagregándoa ata o máximo nivel posible e mostrando as distintas tipoloxías que se importan e exportan de cada orixe ou destino, o importe, valor e número de operacións, difundido a información un portal web de fácil consulta e baixo unha filosofía "open-data". Dentro da información dos movementos deberá indicarse o tipo e características da mercancía (conterinizada, mercancía xeral, graneis, conxelada...) e o medio de transporte (por estrada, marítimo, ferroviario ou aéreo)

3.2 Follas de ruta do fortalecemento das cadeas de valor globais dos sectores estratéxicos galegos

Facer unha análise das principais cadeas de valor globais da tecido produtivo galego: Têxtil, Automoción, Agroalimentario, Madeira, Pesca Para cada unha das cadeas de valor establecerase cales son os orixes e destinos claves, analizando que se importa, que se exporta (reexportar produto terminado/semiterminado), e as complementariedades entre as distintas cadeas de valor globais Posteriormente, elaboraránse unhas follas de ruta que recollan un paquete coordinado de medidas para o fortalecemento de cada unha de elas

3.3 Proxectos colaborativos de agregación de cargas e co-loading

Definición e impulso de proxectos colaborativos de agregación de cargas e co-loading, que permita compartir capacidade de transporte, incrementar as liñas regulares, evitar voltas "en vacío", diminuír os prezos do transporte e mellorar e eficiencia medioambiental da función loxística.



PROGRAMA 4. Fortalecemento sectorial e innovación

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Para mellorar a competitividade do sector loxístico galego é necesario traballar nas demandas dos clientes e satisfacer as súas necesidades a través de proxectos de innovación e I+D que permitan mellorar as capacidades e servizos das empresas loxísticas galegas, dotándoas dunha oferta diferenciadora que mellore a competitividade das mesmas. Trátase de cumprir as expectativas dos clientes nas distintas variables claves da función loxística: acadar un coste de operación e transporte competitivo, uns prazos de entrega acorde coas súas demandas, unha pegada medioambiental reducida e unha integración da información e situación das mercancías segundo os seus requirimentos.

Na actualidade, as empresas galegas do sector loxístico (salvo contadas excepcións), caracterizadas polo seu pequeno tamaño e baixa capacidade de inversión precisan integrar o concepto de innovación como "actividade clave" na súa cultura corporativa, polo que e preciso artellar diversas medidas para acadalo.

A nivel global o sector estase a enfrontar a unha transformación sen precedentes, tanto pola introdución de novas tecnoloxías (por exemplo, o vehículo eléctricos ou a conducción autónoma) e ás demandas dos clientes (información constante sobre a posición das mercancías ou entregas no mesmo día) que o sector da loxística e o transporte debe anticipar e ofertar.

DESCRIPCIÓN

O programa ten como primeiro obxectivo sensibilizar ao sector loxístico da necesidade de adoptar unha política de innovación e mellora dos seus procesos, acorde ás tendencias e demandas dos clientes dos servizos loxísticos. A anticipación ás súas necesidades de servizos de valor engadido é a clave para captar novos clientes e conservar os existentes: o sector loxístico debe ser un impulsor de innovación con un papel activo, non reactivo.

O programa proposto tamén aborda facilitar os procesos de inversión mediante unha liña específica de financiamento e promover a participación, individual e agrupada, do sector en programas nacionais e Europeos de financiamento da I+D+i.

ACCÍONS

4.1 Sensibilización e promoción da innovación no sector loxístico

Accións de sensibilización sobre a necesidade de introducir no sector unha cultura de innovación, dando a coñecer novas tendencias e tecnoloxías aplicables ao sector loxístico e mellorar así a súa competitividade. Desenvolvanse accións como:

- Foros de innovación: nos que se mostren novas tendencias e posibilidades de innovación no sector loxístico, invitando a actores clave punteiros a nivel internacional.
- Catálogo de solucións tecnolóxicas: como un catálogo vivo, resultante dun mapeo de solucións tecnolóxicas e escoita das necesidades do sector, que se difunda entre o sector a través dos foros de innovación e outros eventos
- Fomento da participación do sector nos foros internacionais de innovación

4.2 Instrumentos financeiros para o fortalecemento do sector

Convocatoria de instrumentos financeiros para abordar novos investimentos nas empresas do sector da loxística e o transporte galegas, a través de condicións preferentes. Os prestamos permitirán financiar investimentos novidosos (tanto tanxibles como intanxibles) que supoñan un incremento de competitividade sectorial máis alá do simple financiamento de substitución de equipamentos ou incrementos de capacidade.

4.3 Promoción da participación galega nos programas e convocatorias de fomento da I+D+i (H2020, CDTI...)

Facilitar información, asesoramento e os instrumentos adecuados para impulsar a cooperación entre organizacións e profesionais co obxectivo de promover proxectos I+D+i. A idea e promover un enfoque onde as necesidades do cliente de servizos loxísticos se atopen no centro da estratexia, se promova un enfoque pull - push de transferencia tecnolóxica (que demanda o sector loxístico e que pode ofrecer o sector TIC en Galicia), ...e se concorra ás convocatorias de organismos nacionais e internacionais neste eido.



PROGRAMA 5. Fomento da Multimodalidade

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O transporte por ferrocarril é unha das tarefas pendentes do sistema loxístico galego. A baixa cuota de mercado do transporte por ferrocarril en Galicia é un síntoma das posibilidades de mellora da eficiencia da nosa loxística, polo que é preciso atallar os motivos deste baixo uso. O mesmo acontece no caso do transporte aéreo, onde os niveis de uso son baixos e a maior parte das cargas con orixe ou destino Galicia empregan o aeroporto de Madrid - Barajas.

As razóns en ambos casos son diversas e os puntos de vista entre os operadores ferroviarios e aéreos e os shippers galegos están enfrontadas: para os operadores a demanda de transporte é moi baixa; para os shippers as cotizacións son caras, os tempos de tránsito moi elevados e as conexións escasas.

Compre, polo tanto, romper este círculo vicioso para poder así acadar unha verdadeira intermodalidade, onde se priorice o uso do ferrocarril para as cargas de gran volume, tempos de despacho normais e regularidade de volumes e cargas, e o transporte aéreo para cargas de alto valor nas que o tempo sexa unha variable clave.

DESCRIPCIÓN

Identificar e promover iniciativas conxuntas que agrupen o volume de cargas e frecuencias axeitadas, ao tempo que se traballe na mellora das infraestruturas e se dinamice a actividade en Galicia dos operadores de transporte ferroviario e aéreo. Nos dous casos resulta fundamental coñecer cales con as mercancías que cumpran os requisitos de cada un dos sistemas de transporte, fundamentalmente no referente á regularidade de cargas, condición necesaria para que os operadores poidan destinar os equipamentos axeitados (caracterizados polo seu alto custo de amortización)

ACCIÓNS

5.1 Plan de avaliación e proposta de mellora dos sistemas de cambio modal nos nodos loxísticos galegos.

Elaboración de un plan que avalie a situación actual dos sistemas de cambio modal nos distintos nodos loxísticos galegos: portos marítimos, portos secos, plataformas loxísticas intermodais, estacións de ferrocarril de mercancías. Así, obtense unha proposta de novos equipamentos de cambio modal como poden ser sistemas de carga de contedores de ferrocarril a camión e viceversa, acceso directo de camiós a buques ro-ro, etc

5.2 Impulso de proxectos colaborativos de análise da viabilidade de agregación de cargas ferroviarias e aéreas

Avaliar as posibilidades de agregación de cargas de distintos sectores e operadores para acadar os requirimentos de volumes e frecuencias regulares necesarias para que o transporte ferroviario e aéreo sexa viable.

5.3 Avaliación da viabilidade das autopistas ferroviarias

Unha autopista ferroviaria é un sistema de transporte multimodal no que os camiós son cargados en lanzadeiras ferroviarias e transportados a un destino común, no que os camiós son descargados e continúan normalmente ao seu destino final. Estes sistemas son de interese porque diminúen o custo de combustible, desconxestionan estradas e reducen a pegada medioambiental do transporte. Esta acción avaliará a viabilidade de establecer autopistas ferroviarias con orixe ou destino en Galicia, incluíndo a disposición dos operadores de transporte por estrada para empregalo.



PROGRAMA 6. Talento e emprendemento

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

A mellora da competitividade das empresas e entidades que conforman a función loxística pasa necesariamente pola formación do seu capital humano, tanto para facilitar o seu desenvolvemento profesional como para abordar nas organizacións procesos de cambio e adaptación tecnolóxica. A loxística, como outros campos industriais, está a sufrir unha transformación liderada polas novas tecnoloxías, tanto no manexo de cargas como na organización do transporte ou os intercambios de información. Neste sentido garantir unha profesionalización das persoas que integran as organizacións son clave á hora de deseñar e afrontar os retos e estratexias implantadas no sector en xeral e nas empresas en particular.

Por outra banda, e ligado ao talento e á innovación, o emprendemento é un vehículo de transferencia válido que permite chegar ao mercado novos produtos e servizos. Incluso dentro das empresas, o intra-emprendemento é unha solución que permite abordar procesos de innovación que deriven en novos servizos de alto valor. En Galicia desenvolvéronse con éxito iniciativas pioneiras de promoción do emprendemento no eido loxístico, que compre difundir e ampliar

DESCRIPCIÓN

O programa aborda o talento e a innovación a través de tres enfoques complementarios. O primeiro é a mellora das competencias dos técnicos e profesionais dos distintos eslabóns da función loxística. O segundo é a incorporación de profesionais con competencias loxísticas nas empresas mediante un sistema de bolsas; e o terceiro é a promoción do emprendemento como un vehículo d innovación que permita chegar ao mercados novos produtos e servizos en ámbitos relacionados coa loxística e o transporte.

ACCIÓNS

6.1 Programa de capacitación loxística:

O programa de capacitación desenvolverá catro programas de capacitación:

1. Smart-logistics
2. Xestores loxísticos
3. Business Intelligence
4. Colaboración público privada nos equipamentos loxísticos

Os programas estarán dirixidos ao persoal das distintas organizacións e empresas relevantes da función loxística, tanto públicos como privados.

6.2 Bolsas de mellora da xestión loxística da empresa

Programa de prácticas formativas para novos titulados que axuden a implementar diversos programas de mellora loxística nas empresas e organizacións dos distintos eslabóns da función loxística. Serán tutorizados por un axente colaborador, de quen recibirán orientación e tutorización.

6.3 Fomento de start-ups no sector loxístico

Lanzamento dunha “Factoría de Innovación Loxística” para o promoción de proxectos de emprendemento de e innovación loxística en Galicia. Orientada a identificar as necesidades loxísticas e da cadea de subministro, favorecendo e promovendo proxectos colaborativos en I+D+i entre empresas do sector loxístico e IT para garantir unha maior eficiencia nas operacións loxísticas e mellorar a competitividade das empresas galegas. O proxecto prestará atención ás iniciativas que aborden o ámbito da economía colaborativa na loxística.



PROGRAMA 7. Galicia green logistics

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

A toma de decisión en ámbitos relacionados coa loxística tende a considerar o desempeño medioambiental como unha variable relevante. Os modelos na loxística e o transporte tenden a considerar dúas dimensións: unha relacionada cos custos (nos que se incorpora os tempos) e outra referente ao impacto medioambiental.

Búscase unha maior sostibilidade nos modelos de negocio. As esixencias de clientes, stakeholders e sociedade respecto da redución do impacto da actividade económica e industrial no medioambiente ten como consecuencia o desenvolvemento estándares medioambientais como a norma ISO 14045:2012 "Xestión ambiental Avaliación do Eco-eficiencia do sistema do produto". Esta norma consta de recoñecemento internacional e contén os principios, requisitos e directrices para contribuír ao eco-eficiencia dos sistemas de avaliación de produtos, de forma que se minimice o impacto medioambiental.

DESCRIPCIÓN

O programa ten como obxectivo analizar o desempeño medioambiental da función loxística galega, para posteriormente promover a redución da súa pegada a través da implantación de tecnoloxías eco-eficientes financiadas por distintas convocatorias. Tamén se impulsará a certificación da eficiencia medioambiental do sector do transporte e a loxística.

ACCÍONS

7.1 Análise da eficiencia medioambiental da loxística galega

Realizar unha análise comparativa do desempeño medioambiental de Galicia respecto a dúas áreas loxísticas: Porto/Leixoes, como un entorno próximo e competitivo, e Rotterdam, como referente global no respecto medioambiental e na promoción das tecnoloxías verdes.

7.2 Impulso da adopción de tecnoloxías eco-eficientes no sistema loxístico

Promoción de convocatorias para o adopción de tecnoloxías eco-eficiente son sistema loxístico. O Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía - IDEA convocou neste período de programación un programa de axudas para o cambio modal e modos de transporte, con un liña específica de Xestión de Flotas de Transporte por Estrada. O Instituto Enerxético de Galicia - INEGA tamén ten publicado convocatorias similares. No marco da EIOLG, promocionarase as convocatorias de este tipo, buscando a máxima difusión e participación das empresas galegas.

7.3 Promoción dos sistemas de certificación da eficiencia medioambiental

Existen distintos sistemas de cálculo e certificación medioambiental que permiten mostrar a pegada de carbono do transporte e a loxística no ciclo de vida de un produto. Esta acción ten como obxectivo mostrar aqueles máis aceptados e con maior prestixio e desenvolver unha campaña de certificación medioambiental por parte dos operadores loxísticos e de transporte de Galicia, establecendo unha liña de axudas específica.



PROGRAMA 8. Programa de mellora da visibilidade mediante unha oferta conxunta “Galicia Plataforma Loxística”

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

A posición estratéxica de Galicia respecto dos tráfico marítimos do suroeste de Europa e as infraestruturas loxísticas e de transporte coas que conta son factores que lle poden permitir gañar presenza e converterse nun enclave loxístico de primeira orde no sur de Europa. Isto permitirá ser porta de entrada e saída de tráfico que non necesariamente teñan a súa orixe ou destino en Galicia. Acadar este novo papel no entorno loxístico internacional precisa apostar por posicionar Galicia como unha gran plataforma loxística.

DESCRICIÓN

O presente programa ten como obxectivo prioritario situar Galicia como unha gran plataforma loxística, desenvolvendo unha acción de promoción coordinada entre os seus axentes, especialmente polos portos de interese xeral como punto de entrada da maior parte das mercancías provenientes doutras áreas económicas, pero sen esquecer a importancia de integrar os axentes privados do sector loxístico así como outros sectores como transporte terrestre e ferrovías, chan, xestores/planificadores de infraestruturas, entre outros.

Polo tanto este programa deberá estar orientado á promoción conxunta ante os mercados internacionais, co obxectivo de aproveitar sinerxías e fortalezas, ofertando unha oferta máis competitiva desde o punto de vista de infraestruturas e servizos.

ACCIÓNS

8.1 Plan de comunicación e promoción internacional do sistema loxístico galego

Co obxectivo de mellorar a súa visibilidade e posicionamento de Galicia como un espazo loxístico de interese máis aló dos tráfico propios, elaborárase un plan de comunicación e promoción internacional do sistema loxístico Galego, establecendo unha marca propia, os mensaxes, os canais de comunicación e un plan de medios.

8.2 Plan de participación agrupada en feiras loxísticas internacionais

A través dun stand propio baixo a marca Galicia, búscase participar nas principais feiras de maior relevancia no contexto loxístico para promocionar a oferta de Galicia (portos, solo, estrada, aeroportos, ferrovías, operadores loxísticos, ...). Búscase a participación agrupada dos axentes relevantes da función loxística: transitarios, consignatarios, empresas de transporte por estrada,, xestores de infraestruturas, autoridades portuarias, xestores de solo industrial, operadores de terminais portuarias, etc...

8.3. Portal de información online da loxística galega

Creación de un portal web que funcione como un elemento de visibilidade da oferta conxunta da Loxística Galega, integrando non só os servizos loxísticos, senón que debe integrar diferentes variables que poden influír directamente no sector e no seu posicionamento (universidades, ramas técnicas, solo, coordinación, infraestruturas, conectividade, ...) Trátase de mostrar o potencial industrial e loxístico de Galicia na captación de operadores, inversións, e na toma de decisións de transporte.



PROGRAMA 9. Promoción de solo industrial en Galicia

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O solo industrial é un dos factores de competitividade empresarial, especialmente para os sectores industriais. Dispoñer de solo industrial competitivo é ademais unha das variables clave á hora de atraer inversión estranxeira, así como para frear a deslocalización e promover procesos de recolocación industrial.

As vendas de solo no industrial no sur de Galicia non están a mostrar o dinamismo esperado. En xeral, as parcelas que se están a vender no mercado son de pequeno tamaño, existindo unha idea de dificultade de atopar solo industrial que facilite grandes implantacións industriais.

DESCRIPCIÓN

O obxectivo deste programa está orientando á promoción do solo industrial de Galicia apostando por ofertar un solo urbanizado para grandes implantacións, en localizacións onde exista demanda empresarial e a un custo competitivo. Trátase de xerar solo industrial nas situacións xeográficas, os servizos, as dimensións de parcela, a conectividade e un rango de prezos axeitado.

ACCÍONS

9.1 Seguimento dos criterios de planificación de solo industrial en Galicia

O desenvolvemento de solo empresarial instrumentase en Galicia a través do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia. Poñerase en funcionamento o Censo de Solo Empresarial previsto na Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia como instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial.

O Observatorio de Solo Empresarial recollerá as propostas e demandas dos sectores con interese neste ámbito.

9.2 Promoción exterior da oferta de solo industrial

Desenvolvemento dunha campaña de comunicación que identifique a disposición do solo industrial con outras variables estratéxicas que mostren o potencial de instalación de empresas industrias e loxísticas en Galicia. Así promocionarán unha oferta conxunta que integre o solo industrial con:

- A identificación de empresas implantadas/sectores próximos ao solo ofertado.
- Centros de coñecemento/Universidades
- Conexións loxísticas
- Vantaxes competitivas

9.3 Desenvolvemento de solo industrial estratéxico

Nesta acción promoverase a participación no Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial de Promoción Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de que a Xunta de Galicia coñeza en cada momento as necesidades reais que debe realimentar á súa estratexia.



PROGRAMA 10. Optimización das infratestruturas loxísticas

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Galicia conta con ampla rede de infratestruturas loxísticas e de vías de comunicación que compre optimizar para maximizar o seu uso e rendibilizar económica e socialmente. Así, as infratestruturas poden precisar melloras en aspectos como os equipamentos de cambio modal fundamentais para avanzar cara unha verdadeira multimodalidade. Estas infratestruturas desenvoltas polo sector público precisan incrementar a participación privada na súa xestión, establecendo fórmulas de colaboración público privada tal como se desenvolveu con éxito en outros territorios.

A colaboración público privada presenta unha serie de vantaxes na comercialización das infratestruturas, como poden ser unha maior facilidade para realizar accións de promoción, unha maior flexibilidade en prezos ou unha maior orientación ás demandas do mercado.

Outro dos equipamentos demandados polo sector son os centros de apoio ao transporte por estrada, dos que Galicia carece completamente. Estes centros permitirían mellorar as condicións dos traballadores do transporte por estrada, facilitar a organización das rutas do transporte e colaborar no cumprimento das normativas estatais e autonómicas.

DESCRIPCIÓN

Optimizar as infratestruturas loxísticas desenvoltas a traveso da colaboración público privada a partir das necesidades manifestadas polos usuarios das infratestruturas anteriormente. Trátase de dotar a infratestruturas xa construídas e postas en funcionamento de sistemas de cambio modal e centros de apoio ao transporte por estrada, impulsando a colaboración do sector privado na xestión das infratestruturas.

ACCIÓNS	10.1 Promoción do desenvolvemento de sistemas de cambio modal nos nodos loxísticos galegos Na acción 5.1 establece a elaboración de unha proposta de novos equipamentos de cambio modal necesarios nos nodos loxísticos galegos, como poden ser sistemas de carga de contedores de ferrocarril a camión e viceversa, acceso directo de camiós a buques ro-ro. Nesta acción, promoverase o desenvolvemento dos equipamentos planificados, establecendo un programa de licitacións públicas para a instalación e explotación por operadores privados.
	10.2 Impulso dos centros de apoio ao transporte por estrada. Impulso de catro centros (un por provincia) de apoio ao transporte por estrada. Estes centros s deben estar totalmente equipados (duchas, vestiarios, tren de lavado, surtidores de gasoil, entre outros) e estar vixiados as 24 horas do día. Esta acción ten como obxectivo abordar a ubicación dos centros, o os mecanismos de colaboración público-privado para a súa • construción e explotación.
	10.3 Impulso da xestión privada nas plataformas intermodais O obxectivo deste programa e promover a xestión privada nas plataformas intermodais como un medio de incentivar o seu uso e acadar unha maior promoción exterior. Iniciarase un sistema de consulta a operadores nacionais e internacionais para determinar a viabilidade desta xestión privada, e, de ser así, iniciar a licitación da xestión.



PROGRAMA 11. Posicionamento nas cadeas de valor globais dos sectores estratéxicos

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Un dos resultados do proceso de globalización é a internacionalización e globalización das cadeas de subministro das empresas. Un produto final pode ter materiais ou compoñentes que proceden de distintas zonas económicas. Isto ten unhas importantes implicacións na loxística, que pasa a ser unha variable clave na competitividade das empresas. Esta globalización das cadeas de valor esixe unha presenza das empresas en distintos puntos do planeta, e establecer unha serie de relacións comerciais e de outros tipos en entornos económicos e aduaneiros distintos ao local. Por iso é de suma importancia xerar "marca país" nos puntos máis importantes das cadeas de valor dos sectores estratéxicos galegos, colaborar no seu desenvolvemento social e administrativo e posicionar ás empresas de servizos, especialmente da loxística e o transporte, na xestión de infraestruturas e equipamentos clave. Crear entornos favorables afíns aos intereses é prácticas dos sectores estratéxicos debe ser, polo tanto, unha prioridade.

DESCRICIÓN

Este programa ten como obxectivo crear entornos favorables ás empresas galegas no exterior, especialmente naqueles puntos estratéxicos das cadeas de valor tractoras da economía galega, fomentando a inversión galega neses puntos, prestando servizos de alto valor ás empresas no exterior e axudando a fortalecer as capacidades locais.

ACCÍONS

11.1 Fomento da inversión galega en equipamentos estratéxicos exteriores

Establecemento dunha liña de financiamento de investimentos, por parte de empresas galegas, en puntos exteriores clave para a industria galega. Trátase de asegurar o financiamento da instalación e da explotación de grandes infraestruturas loxísticas con un carácter estratéxico. No deseño do mecanismo de financiamento atenderase as particularidades destes equipamentos, fundamentalmente nos casos de licitación pública por un poder adjudicador dun terceiro país.

11.2 Acción exterior da Xunta de Galicia: Servizos a empresas galegas

Prestación de servizos de apoio ás empresas galegas no exterior, tanto na fase de selección de mercados, como da implantación e de operación exterior. Trátase de contar con apoio do goberno autonómico naqueles puntos estratéxicos para os sectores internacionalizados da economía galega. Os servizos deberán ser de calidade e permanentes no tempo. Os servizos poderán apoiarse en estruturas existentes naqueles mercados nos que estén en funcionamento.

11.3 Acción exterior da Xunta de Galicia: Fortalecemento de capacidades locais

Deseño e posta en marcha dun plan de fortalecemento das capacidades locais en zonas clave para a economía galega, especialmente naqueles puntos identificados na análise das cadeas de valor globalizadas dos sectores estratéxicos galegos. Trátase de abrir lazos comerciais a partir da xeración de vínculos previos fundamentados no impulso dun programa fde estancias nas empresas industriais galegas ou nos portos galegos. Prestarase especial atención á xeración de estruturas de fortalecemento da industria local e do fomento do emprendemento, así como da mellora da capacitación dos funcionarios locais cara a acadar unha administración local máis eficiente. Priorizaranse aquelas medidas nas que os participantes poidan realizar estancias en empresas e organismos públicos galegos.



PROGRAMA 12. Simplificación e modernización tecnolóxica dos procesos administrativos

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Un dos principais problemas existentes na xestión loxística son aqueles relacionados cos trámites aduaneiros e paraaduneiros necesarios para a importación e exportación de mercancías, que no caso de incidencias poden supoñer importantes incrementos nos costes e tempos asociados ás mesmas.

Os novos sistemas de organización da produción (just in time) que minimizan os stocks, a orientación exterior do tecido produtivo galego e a internacionalización das cadeas de subministro esixen un entorno administrativo áxil tanto nos aspectos aduaneiros como paraaduneiros, así como simplificar as cargas administrativas e reducir os tempos de despacho.

O descontento de certos sectores como o da pesca conxelada sobre os controis para-aduaneiros no sur de Galicia derivaron nun derivación continua dos tráfico aos portos do norte de Portugal, onde se considera que os controis son máis rápidos e eficientes, co consecuente risco de deslocalización da industria.

DESCRIPCIÓN

O obxectivo do programa é acadar unha optimización dos procesos administrativos relacionados coa actividade industrial, o transporte e a loxística: as autorizacións de todo tipo, os procesos de importación e exportación onde os controis aduaneiros e para aduaneiros son un factor determinante e aqueles relacionados coa normativa que afecta aos procesos de innovación.

ACCÍONS

12.1 Difusión sectorial da Lei de Implantación Industrial de Galicia

Difusión da Lei de implantación industrial de Galicia como un mecanismo facilitador das inversións en Galicia, que implica unha redución dos prazos de tramitación e dos requisitos burocráticos de novas actividades empresariais.

12.2 Impulso da xanela única exterior e da racionalización dos procesos administrativos

Impulso dun proxecto de xanela única para a implementación de procedementos telemáticos ou e-procurement co obxectivo de axilizar e simplificar todos os trámites administrativos, favorecendo, fundamentalmente, os procesos e procedementos aduaneiros e para-aduaneiros. Esta xanela deberá impulsar unha maior claridade e homologación de criterios na importación de mercancías. Trátase de impulsar un proxecto piloto que, en base a solucións tecnolóxicas, substitúa ás xanelas existentes, establecendo os mecanismos (técnicos e normativos) para acadar que as súas decisións sexan inmediatas e centralizadas, evitando que sexa unha xanela adicional.

12.3 Mellora normativa para a innovación

Posta en marcha dun servizo, en colaboración co novo Clúster da Función Loxística de Galicia, de seguimento permanente e difusión dos proxectos normativos relevantes relacionados coa innovación na loxística e o transporte. Preténdese asegurar que o sector coñeza a evolución da normativa en ámbitos relacionados coa innovación (como por exemplo duotrailers e megatrucks), e, por outra banda, transmitir as posición do sector aos lexisladores.



PROGRAMA 13. Relocalización e liderazgo no polo Atlántico

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Diversos factores como o baixo tipo de cambio do Euro, o incremento de custos laborais no sudeste asiático ou a redución de prazos no desenvolvemento dos produtos está a provocar procesos de recolocación industrial cara a occidente. Países como Portugal, Túnez, Marrocos, Turquía, os países do este de Europa, e en menor medida España, están posicionándose como provedores europeos de aprovisionamentos en diferentes sectores en detrimento dos países asiáticos, especialmente nos sectores de automoción, téxtil, construción, e eólico.

Os territorios máis cercanos, como Portugal e Marrocos, máis que competencia, poden verse como unha boa oportunidade para mellorar a competitividade e o posicionamento de Galicia e da súa industria, aproveitando as capacidade de ambos países. O enorme potencial de este polo de competitividade do Atlántico fai necesario que exista unha aposta en firme por parte das rexións da fachada atlántica. Para fortalecer o posicionamento de Galicia e aumentar a súa competitividade, é necesario traballar nunha estratexia de loxística de proximidade para o mercado europeo potenciando o Polo Industrial Atlántico Galicia-Portugal-Marrocos como un eixo máis económico, de maior valor e próximo ao mercado (lead time).

DESCRIPCIÓN

Impulso da recolocación da industria manufactureira e desenvolvemento dunha estratexia que permita a Galicia ocupar unha posición líder neste polo atlántico, que actualmente si conta cun posicionamento claro de Portugal en detrimento de Galicia. Esta estratexia debe incluír o aproveitamento das capacidades de Portugal e Marrocos e lideralas; sendo estas estratexias definidas e lideradas pola industria.

ACCÍONS

13.1 Impulso da relocalización empresarial e da actividade manufactureira

Difusión das medidas da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0 e de outros instrumentos de promoción económica e fomento do emprego entre o sector loxístico, de xeito que sexa para eles unha ferramenta para captar novos clientes e tráficos promovendo a recolocación da actividade industrial ao seu entorno competitivo máis próximo.

13.2 Programa de conectividade loxística Galicia-Portugal-Marrocos

Análise das necesidades de conectividade loxística no eixo Galicia-Portugal-Marrocos, que aborde aspectos como: conectividade marítima e impulso do cabotaxe, harmonización do tráfico ferroviario entre Galicia-Portugal, fomento da colaboración empresarial no sector loxístico, etc. Prestarase especial atención ás extensións e incrementos de frecuencia das autopistas do Mar, como por exemplo a existente a Francia (Vigo - St. Nazaire) e a recentemente inaugurada Vigo-Tanxer.

13.3 Coordinación do polo Galicia-Portugal-Marrocos

Fomento da coordinación no polo atlántico Galicia-Portugal-Marrocos, que promova iniciativas conxuntas a nivel institucional de posicionamento exterior, harmonización legislativa e laboral, etc.... Trátase de analizar e potenciar as capacidades conxuntas e complementariedades dos tres territorios como un eixo dinámico de actividade loxística e empresarial.



PROGRAMA 14. Posicionamento estratéxico

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Os desenvolvementos estratéxicos relacionados coa loxística e o transporte teñen un longo horizonte temporal derivado da alto custo das infraestruturas e o seu tempo de execución. Ademais, tratase dun sector altamente regulado e cuas inversións dependen en gran maneira dos orzamentos públicos. De ahí que sexa prioritario acadar un bo posicionamento estratéxico de Galicia na planificación estratéxica nacional e comunitaria, na definición dos corredores prioritarios da mercancías, proxectos como autoestradas do mar ou a dotación de fondos para novas infraestruturas.

A loxística e ao transporte, como factores de competitividade empresarial e do territorio, deben estar presentes dun xeito continuado na axenda política a todos os niveis, exercendo unha presión constante para os planificacións supra-rexionais reflictan axeitadamente o papel de Galicia como unha rexión prioritaria.

DESCRIPCIÓN

Este programa aborda un conxunto de accións para corrixir decisións estratéxicas da Unión Europea que produciron un perxuício para Galicia fomentar un tratamento xunto nos novos planeamentos avaliar dun xeito continuado como avanza a conectividade do territorio a nivel estratéxico e operativo.

ACCÍONS

14.1 Reclamo da inclusión de Galicia no corredor ferroviario atlántico

A exclusión de Galicia do corredor de mercancías noroeste da Unión Europea a relega a unha segundo nivel dentro das redes europeas de transporte, limitando a conectividade, proxección exterior e as oportunidades de financiamento de infraestruturas e programas de transporte. Resulta prioritario continuar coas accións institucións para que na reformulación da Rede Transeuropea de Transportes.

14.2 Fomento das autoestradas do mar

Impulso de autoestradas do mar que conecten Galicia con aqueles corredores de mercancía dos sectores estratéxicos Galegos, como poden ser: Francia-Galicia-Marrocos no sector da automoción, Galicia-Irlanda e Reino Unido para a pesca ou Galicia-Centro Europa para granito e outros materiais.

14.3 Avaliación continua da conectividade do territorio

Constitución de unha comisión de seguimento da conectividade do territorio, coa participación do IGAPE, a Dirección Xeral de Mobilidade, Xestur, Clústeres Empresariais e o sector galego do transporte a e loxística representado polo Clúster da Función Loxística de Galicia. O traballo da comisión xirará en torno a tres temáticas: 1. Infraestruturas de comunicación 2. Conexións marítimas, ferroviarias, aéreas e por estrada 3. Situación de Galicia no planeamento estratéxico da Unión Europea. A comisión reunirse con unha frecuencia anual e forma ordinaria, e extraordinaria cando os membros o soliciten.



PROGRAMA 15. Coordinación loxística permanente

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Un dos principais sectores económicos de Galicia, o da loxística, que é vital para a competitividade dos sectores primarios e industriais carece dunha estrutura estable de coordinación sectorial e de promoción de proxectos de desenvolvemento sectorial. Carécese ademais dunha canle de coordinación permanente entre o sector público e privado que permita afianzar programas e necesidades do sector loxístico e dos diferentes axentes que o conforman. Isto é especialmente releante en calquera sector tractor dunha economía, pero máis aínda cando o tamaño medio das súas empresas é reducido e se enfrontan a unha serie de cambios, tecnolóxicos e organizacionais derivados da globalización da economía.

A presente Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia - EIOLG pon de manifesto a necesidade dunha fórmula asociativa que, inclúa e agrupe a toda a cadea de valor da función loxística.

DESCRICIÓN

Impulso a creación dun novo clúster como estrutura de coordinación, promoción e interlocución co sector público das empresas da cadea de valor da función loxística. Este novo clúster non deberá ser unha simple recuperación do anterior, debendo estar orientado ao desenvolvemento de proxectos de cooperación empresarial e a interlocución sectorial coa administración, incorporando ademais ás grandes empresas industrial de Galicia que desenvolvan directamente o transporte e loxística das súas mercancías e aprovisionamentos.

ACCIÓNS

15.1 Análise da viabilidade e proposta de estrutura e funcionamento do Clúster da Función Loxística de Galicia

Redacción do plan de viabilidade e de proposta de funcionamento do Clúster da Función Loxística de Galicia, logo da consulta ao sector, ás empresas demandantes dos seus servizos e ás administracións competentes. Elaboración do seu plan estratéxico e de acción, alienado coa Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia - EIOLG

15.2 Formalización do Clúster

Asemblea constituínte do clúster, elección da súa primeira xunta directiva e formalización da súa creación ante as administracións e rexistros correspondentes. Esta acción deberá ser o inicio de funcionamento do Clúster, como unha estrutura plenamente operativa en funcionamento.

15.3 Impulso da acción do Clúster da Función Loxística Galega

Apoio ao novo clúster creado como estrutura estable de coordinación da Función Loxística de Galicia, desenvolvendo o plan estratéxico e operativo establecido na acción 15.1. Ademais será un dos principais axentes colaboradores na implementación da Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia e a súa ferramenta de seguimento.